

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

749 *Real decreto 22/2014, do 17 de xaneiro, polo que se modifica o Real decreto 836/2012, do 25 de maio, polo que se establecen as características técnicas, o equipamento sanitario e a dotación de persoal dos vehículos de transporte sanitario por estrada.*

O Real decreto 836/2012, do 25 de maio, polo que se establecen as características técnicas, o equipamento sanitario e a dotación de persoal dos vehículos de transporte sanitario por estrada, de recente aprobación, veu a adecuar as características e condicións exixidas aos vehículos e persoal destinado ao transporte sanitario aos avances técnicos e ao desenvolvemento das ofertas formativas actuais no ámbito da formación profesional.

Con este propósito, o real decreto anteriormente mencionado exige que o persoal mínimo que debe ir a bordo dos vehículos destinados ao transporte sanitario conte cun determinado nivel de formación, ben o certificado de profesionalidade de Transporte Sanitario ben o título de formación profesional de técnico en Emerxencias Sanitarias, para o caso de ambulancias non asistenciais ou asistenciais, respectivamente.

Así mesmo, esta norma exige que as empresas que realicen transporte sanitario contén cunha dotación mínima de persoal, que se determinará por medio dunha orde ministerial de desenvolvemento e que debe, en todo caso, pertencer ao cadro de persoal da empresa ou da entidade titular da autorización de transporte sanitario. Esta circunstancia débese acreditar, tal e como expón o real decreto en cuestión, por medio de documentación acreditativa de alta e cotización ao réxime que corresponda da Seguridade Social.

Tendo en conta a existencia na actualidade de entidades benéficas que están a realizar un importante labor no ámbito do transporte sanitario, como é o caso da Cruz Vermella Española, e que nelas participa un amplo número de persoal voluntario, resulta adecuado modificar o Real decreto 836/2012 acrecentándolle unha nova disposición que regule o réxime xurídico deste persoal voluntario, e prevendo especialidades en materia de formación e no relativo á forma de acreditación da relación desinteresada que gardan coa entidade.

Por outro lado, aproveitando esta modificación, parece conveniente dar o mesmo tratamento xurídico ao transporte sanitario realizado polas Forzas e Corpos de Seguridade do Estado que o previsto no Real decreto 836/2012 para o transporte sanitario realizado polas Forzas Armadas.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Fomento e da ministra de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 17 de xaneiro de 2014,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 836/2012, do 25 de maio, polo que se establecen as características técnicas, o equipamento sanitario e a dotación de persoal dos vehículos de transporte sanitario por estrada.*

O Real decreto 836/2012, do 25 de maio, polo que se establecen as características técnicas, o equipamento sanitario e a dotación de persoal dos vehículos de transporte sanitario por estrada, queda redactado nos seguintes termos:

Un. A disposición adicional cuarta queda redactada nos seguintes termos:

«Disposición adicional cuarta. *Transportes oficiais das Forzas Armadas e das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado.*

O establecido neste real decreto non será de aplicación aos transportes oficiais sanitarios realizados polas Forzas Armadas e polas Forzas e Corpos de Seguridade

do Estado cando o transporte se realice dentro da súa actividade específica, con ambulancias das súas dotacións e conducidas polo persoal dos seus propios cadros de persoal, os cales se rexerán polas súas normas específicas, que se axustarán, en canto as súas peculiares características o permitan, ás condicións técnico-sanitarias establecidas con carácter xeral.»

Dous. Engádesse unha nova disposición adicional sexta, co seguinte texto:

«Disposición adicional sexta. *Persoal voluntario de entidades benéficas.*

1. O persoal voluntario que desempeñe as funcións de condutor ou de condutor en funcións de axudante nas ambulancias destinadas á prestación dos servizos de transporte sanitario da Cruz Vermella Española ou doutras entidades cuxa actividade principal sexa a prestación de servizos de asistencia sanitaria cunha finalidade humanitaria e social de carácter xeral deberá estar en posesión, como mínimo, do certificado de profesionalidade de Transporte Sanitario previsto no Real decreto 710/2011, do 20 de maio, polo que se establecen dous certificados de profesionalidade da familia profesional de Sanidade que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade, sen que lle resulten de aplicación os requisitos de formación establecidos no artigo 4.1 do presente real decreto.

2. A Cruz Vermella Española e as demais entidades benéficas a que se refire o número anterior deberán, para efectos do disposto sobre a dotación mínima de persoal no artigo 4.2 deste real decreto, acreditar a condición de voluntarios dos que desempeñen as funcións de condutor ou de condutor en funcións de axudante nas ambulancias destinadas á prestación dos servizos de transporte sanitario por estrada, de acordo co previsto na Lei 6/1996, do 15 de xaneiro, do voluntariado e demais lexislación de desenvolvemento que resulte de aplicación.»

Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa.*

Facúltase a ministra de Fomento e a ministra de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade para aprobaren, no ámbito das súas competencias, mediante orde conxunta, as disposicións necesarias para a aplicación e desenvolvemento deste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 17 de xaneiro de 2014.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN